CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE (EXPOURENSE) PARA A ORGANIZACIÓN E CELEBRACIÓN DO 23º ENCONTRO INTERNACIONAL DE TURISMO TERMAL, SAÚDE E BENESTAR, TERMATALIA COLOMBIA 2025

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense) para a organización e celebración do 23º Encontro Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar (Termatalia) que se levará a cabo en Colombia do 24 ao 26 de setembro de 2025.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- A Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense), entidade sen ánimo de lucro tal e como establece o artigo 4 dos seus estatutos, ten como obxecto destinar e afectar un patrimonio á realización de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial á que a súa

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: aXXF9s23aLT9 https://sede.xunta.gal/cve

denominación e fins se contraen, entre os cales se sinalan a promoción de actividades comerciais, industriais, agroindustriais, sociais e calquera outra que teña por obxecto a promoción e desenvolvemento destes sectores en Galicia e o nivel profesional de todos os sectores da actividade económica contribuíndo á mellora do nivel de vida do medio urbano e rural. A Feira Internacional de Turismo Termal, TERMATALIA, é un evento organizado en exclusividade por Expourense. Configúrase coma a única feira internacional especializada en Turismo de Saúde e Benestar que conecta América e Eurasia. O seu foco principal é a posta en valor dos recursos naturais como a auga. A participación de oferta especializada e potenciais compradores xera novas oportunidades de negocio, abre novas canles de comercialización e transferencia de know how.

Terceiro.- A Estratexia de Turismo de Galicia 2030 ten como misión impulsar un turismo auténtico e sostible. Esta articúlase a través de misións, sendo unha delas "Galicia, destino auténtico e diferencial", concretamente a medida 1.6 o Turismo Termal. Con máis de 300 mananciais e numerosas iniciativas empresariais vencelladas, Galicia sitúase como un territorio referente en España no que gozar do turismo termal e de saúde. A estratexia busca captar e ampliar o público obxectivo do turismo termal cunha nova folla de ruta; facilitar o acceso da poboación, xerando novas demandas; innovar na oferta termal; e destacar como un referente no turismo de saúde e benestar. Tamén se apostará por modernizar as infraestruturas termais.

Co obxecto de reforzar o posicionamento de Galicia como destino líder en turismo termal, xa que as instalacións para o turismo de saúde fan deste sector un dos produtos turísticos estrela, a Axencia de Turismo de Galicia colaborará coa Fundación Feiras e Exposicións de Ourense para a organización e celebración de Termatalia Colombia 2025, feira internacional dedicada ao turismo termal.

Cuarto.- É patente a categoría e relevancia acadada por esta Feira, os diversos axentes, profesionais e empresas nacionais e internacionais directamente vencellados ao sector fan que a súa celebración acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega baseada na extraordinaria puxanza do turismo termal nesta comunidade.

Galicia, e destacadamente Ourense, é un referente termal de España, pola cantidade e calidade das súas fontes, das que saen máis de catro millóns de litros diarios de auga termal. A Comunidade Autónoma de Galicia ven implementando un modelo turístico fundamentado na diferenciación,

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: aXXF9s23aLT9 https://sede.xunta.gal/cve

cunha aposta firme polo turismo termal coma un produto destacado, na procura dunha afluencia sostida de visitantes ao longo do ano que diminúa o grao de estacionalidade do sector.

Neste sentido, Termatalia da resposta á necesidade de encontro de todos os sectores implicados no sector do termalismo, administracións e axentes privados, erixíndose no foro de coñecemento e análise de necesidades de promoción e de incentivo público e privado da oferta termal galega.

A conexión e rede estratéxica que propón TERMATALIA entre Europa e América, presenta novas vías de desenvolvemento do negocio en ambos continentes. TERMATALIA, fomentará o intercambio de experiencias no ámbito empresarial, institucional e social coa fin de impulsar o mercado do Turismo Termal e do Benestar e abrir grandes canles de comercialización.

Dada a especificidade do obxecto do presente convenio de colaboración considérase que a entidade Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense) é a única que ten a exclusividade para desenvolver as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio do que se deriva a imposibilidade de asinar este con ningunha outra entidade.

A conexión e rede estratéxica que propón TERMATALIA entre Europa e América, presenta novas vías de desenvolvemento do negocio en ambos continentes. TERMATALIA, fomentará o intercambio de experiencias no ámbito empresarial, institucional e social coa fin de impulsar o mercado do Turismo Termal e de Benestar e abrir grandes canles de comercialización.

Termatalia reforzará o seu papel como ponte entre Euroasia e América na súa edición 2025, que terá lugar en Colombia.

Nesta 23ª edición, Termatalia consolidarase como o epicentro do turismo termal, a saúde e o benestar, conectando continentes e culturas. Do 24 ao 26 de setembro, o salón ofrecerá un espazo único para os negocios, a formación e o networking, reunindo a profesionais de máis de 20 países e fomentando o intercambio de coñecementos e oportunidades.

Dada a especificidade do obxecto do presente convenio de colaboración considérase que a entidade Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense) é a única que ten a exclusividade para desenvolver as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio do que se deriva a imposibilidade de asinar este con ningunha outra entidade.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: aXXF9s23aLT9 https://sede.xunta.gal/cve

Que a través deste convenio, outórgase á Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense) unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

Asinado por: CASAS CALVIÑO, JOSE ANTONIO
Cargo: Xerente
Data e hora: 29/07/2025 09:10:07

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: aXXF9s23aLT9 https://sede.xunta.gal/cve